

## :: REPORTAXE

A investigadora Isabel Delgado Outeiriño recupera todos os mananciais presentes na cidade das Burgas para poder explotar este recurso de forma sostible. O proxecto achega fichas de cada pozo coa súa situación, temperatura e sales,

# Ourense cataloga as augas termiais


ROSA VEIGA

A alumna universitaria Isabel Delgado Outeiriño elaborou un inventario que recolle 35 surxeiras e pozos de auga termial do municipio de Ourense, cuxas novidades son a súa amplitude e a aplicación do Sistema de Información Xeográfica (SIG), que permite agrupalas segundo a súa situación e composición química e características físicas, segundo explicou a Efe a autora do traballo. Delgado presentou o inventario como traballo de fin de carreira en xuño de 2007, polo que obtivo unha cualificación de sobresaliente.

Para a súa elaboración, recolleu traballos anteriores do departamento de Xeodinámica Interna da Facultade de Ciencias do campus ourensán baixo a dirección do vicedecano Pedro Aratújo, e completou "porta a porta" ata reunir datos de 70 surxeiras e pozos, dos que a metade son de auga termial.

### O inventario máis completo de Galicia

O inventario de Isabel Delgado é o máis completo ata o momento e único en Galicia, xa que, segundo dixo, os antecedentes máis completos son un inventario do Instituto Xeolóxico e Mineiro de España



A enxeñeira técnica-agrícola Isabel Delgado ante a fonte termial do barrio da Lonía

### ● O DATO

## Existen máis escondidos

Delgado asegura que hai mananciais non rexistrados, "por que algúns veciños pensan que van cuecar sen eles"

do ano 1984, que só cifra os cinco ou seis mananciais máis coñecidos polos veciños. Outro estudo de referencia é *Augas minerais de Galicia*, do ano 1995, elaborado pola Xunta e que rexistra 314 mananciais e pozos de toda Galicia en doce volumes que non son accesibles ó público e no caso de Ourense, tamén inclúe

só unha parte das súas fontes termiais. A universitaria, recentemente licenciada en Enxeñería Técnica Agrícola, considera que é fundamental coñecer un recurso como o estudado "para poder explotalo de forma sostible, e dicir, garantindo a súa permanencia para as futuras xeracións, e iso só se consegue

coñecendo a fondo e nese ámbito, espero que este traballo achegue un gran de area".

O proxecto de fin de carreira de Delgado está formado por fichas de cada manancial que inclúen un mapa coas coordenadas da súa situación, a catalogación segundo o tipo de surxeira en forma de pozo, manancial ou fonte, a temperatura,

### Porta por porta reuniu datos de ata 70 surxeiras

continuidade –relacionada directamente coa presenza de sales–, e indicadores químicos, entre outros.

A enxeñeira técnica explicou que, ademais das fontes e mananciais máis coñecidos, o núcleo histórico da cidade –a beiras do río Barbaña–, o barrio de Mende –na beira do río Lonía– e ambas as dúas beiras do río Miño, albergan numerosos mananciais ata agora descoñecidos "e ata algúns só visibles cando a auga do río vai cun nivel moi baixo". Deste xeito, a investigadora xa comprobou que hai algunhas fontes e pozos máis que os rexistrados no seu inventario e constatou que supón a maior concentración de afloramentos mineiro-medicinais ou termiais de toda Galicia. ●

**ACUICULTURA** ■ Os veciños únense ós de Seráns, Corrubedo e Quilmas e presentarán alegacións

## Merexo rexeita a futura ampliación da granxa de Stolt

Os veciños de Merexo (Muxía) súmanse ós colectivos de Corrubedo, Seráns e Quilmas no seu rexeitamento ó Plan Galego de Acuicultura que pretende autorizar a ampliación da piscifactoría de Stolt Sea Farm, situada nesta localidade corufeña. Tras unha reunión informativa cos membros do Sindicato Labrego Galego (SLG) e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega), os veciños acordaron presentar alegacións ó proxecto para impedir que a ampliación se leve a cabo.

"Delirante e insustentábel". Así cualificaron onte dende Adega, macropiscifactoría de Stolt que ocupará 270.000 metros cadrados no litoral deste concello muxián. Adega recordou onte que a acuicultura en terra, orientada fundamentalmente

á produción de peixes planos representa un 1,8% da produción total da actividade do sector, ó que tamén pertencen os profesionais que desenvolven a súa actividade á boia ou nos parques de cultivo de moluscos –bateas de mexillón, por exemplo–. A organización ecoloxista cuestiona o carácter "estratéxico" que Pesca

### ● O DATO

## As plusvalías, só para as empresas

Adega considera que o Plan Acuícola non contribuirá ó desenvolvemento sostible social e económico da comarica. senón ó das plusvalías das empresas que se beneficiarán desta iniciativa.

concede a este plan ó sinalar que a produción en terra ascendía hai cinco anos a 4.000 toneladas, mentres que a da acuicultura á boia e en batea alcanzaba as 222.000. Así, retíra que esta actividade dá emprego directo a 10.000 persoas, mentres que as piscifactorías xeraron en 2002 un total de 520 postos. Así, asegura non entender o "esquecemento" desa parte dun ámbito de produción que xera o 95% do emprego e se fundamenta no aproveitamento dos recursos autóctonos.

### Criticas a un proxecto que terá un 40% de subvención

Adega cualificou de inxustificada a elaboración dun plano sectorial que ordena "unha parte moi pequena" dunha actividade que, afirman, rexistra producións "comparativamente moi baixas, produtos de menor valor engadido, non contribúe a poñer en valor os recursos mariños do litoral galego, xera poucos postos de traballo e está dominado por unhas poucas corporacións transnacionais". Ademais, reprochalle á Xunta que o plan vaia dispor dunha subvención pública que ascenderá ó 40% do investimento total realizada na instalación, ampliación e posta en funcionamento das plantas acuícolas. ● REDACCIÓN

**REGANOSA** ■ Os mariscadores queren amosarlles o seu apoio ó encerro en oposición á gaseira

## Marcha solidaria cos afectados que continúan co peche

Preto dunha trintena de mariscadores da Confraría de Ferrol e os responsables de varias entidades culturais e sociais da comarca participaron onte en Mugardos nun acto simbólico de adhesión e solidariedade cos veciños de Mehá que se opoñen á localización de Reganosa. Luz Mariña Torrente, presidente da plataforma veciñal O Cruceiro de Mehá, explicou que ao redor das dúas desta tarde un grupo de trinta mariscadores do depósito ferrolán e unha vintena de membros do Comité Cidadán de Emerxencia pola ría desembarcaron no peirao de Mugardos.

Desde a dársena, o grupo iniciou unha marcha a pé ata o concello mugardés, onde permanecen encerrados desde hai 18 días un grupo de veciños de Mehá

en protesta pola proximidade da planta de gas de Reganosa ás súas vivendas. "Con isto, unha vez máis, queremos significar que todos remamos na mesma dirección para que se leven a planta de onde nunca debeu estar", manifestou Torrente, unha das veciñas afectadas. Torrente explicou que con este acto, os mariscadores quixeron deixar constancia da súa adhesión ó peche que desde o pasado 23 de xullo realizan os veciños da parroquia de Mehá que se opoñen á localización da planta de gas no interior da ría de Ferrol.

Os veciños da parroquia mugardés de Mehá, onde se sitúa a planta regasificadora de Reganosa, iniciaron un peche indefinido e por quendas no consistorio local o pasado 23 de xullo. ● EFE